



***INSTRUCCIÓN 8/2017, DO 30 DE MAIO DE 2017, CONXUNTA DA SECRETARÍA XERAL
TÉCNICA E DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA
QUE SE REGULAN AS FUNCIÓNS A DESENVOLVER POLOS COIDADORES DE NEES
NOS COMEDORES ESCOLARES EXISTENTES NOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO***

A figura do Coidador de NEEs nos centros públicos ordinarios e de educación especial que teñen escolarizados alumnos con necesidades específicas educativas resulta dunha importancia relevante no desenvolvemento e integración educativas destes rapaces así como na convivencia en harmonía no colexio.

Se ben a participación do coidador no proceso educativo do neno con deficiencias lévase a cabo a través duns servizos que o convenio colectivo de orixe deste persoal laboral chama "complementarios" e "de colaboración", non convén perder de vista que no proxecto educativo fórmase un equipo, dentro do cal a participación do coidador adquire a súa verdadeira importancia.

Por outro lado, non debemos pensar que a labor do coidador teña pouco ou nada que ver co proceso educativo, xa que todas as situacións son educativas. Así, por exemplo, unha situación tan corrente como a do comedor está chea de posibilidades educativas, tales como o desenvolvemento da sociabilidade, a exercitación motriz das mans, a necesidade do autocontrol relacionado coa hixiene e a urbanidade, o aprendizaxe de pautas de alimentación e nutricionais etc. Isto é así porque durante o período de xantar continuamente estanse a producir estímulos e respostas educativos.

Hai, tamén, que ter en conta a importancia que aos ollos do rapaz adquire o coidador, en tanto persoa que o recibe, asístelle en todas as súas necesidades, ensínalle e axúdalle a comer e por último despídeo ao rematar o tempo lectivo. A mesma dinámica do centro educativo converte a relación do neno co coidador nunha relación persoal, estreita e insubstituíble, de feito que a ausencia ou substitución do coidador provoca as veces nalgúns nenos con NEEs reaccións de desamparo, illamento e rexeitamento dos outros adultos. O coidador, por tanto, convértese nun modelo a imitar e dita imitación pode considerarse como un dos mecanismos mais efectivos de aprendizaxe.



Ademais a atención e apoio necesarios por parte do coidador reforza a confianza do alumno en se mesmo, mellorando o seu rendemento e as súas posibilidades de aprendizaxe.

Todo isto foi recoñecido dende hai tempo no Convenio Colectivo para o persoal laboral do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que, en ausencia dunha previsión específica das funcións dos coidadores de NEEs no Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, élle de aplicación a este colectivo. En efecto, dito convenio de orixe sinala de xeito taxativo que lles corresponde aos coidadores prestar servizos complementarios para a asistencia e formación dos escolares con minusvalía, atendendo a estes na ruta escolar, na súa limpeza e aseo e no comedor escolar, entre outros cometidos.

A experiencia adquirida por esta Administración Educativa dende o comezo da actuación dos coidadores de NEEs na comunidade educativa, así como a análise da actuación desenvolvida por eles ao longo de todos eses anos provocou na consellería o convencemento incuestionable da conveniencia e idoneidade de que coidador e coidado xanten xuntos, minimizando, por un lado, os riscos inherentes á dita actividade de xantar, á vez que, doutro lado, afondan na desexable relación de complicidade entre ambos os dous durante as diferentes actividades desenvolvidas con ocasión da comida. A convicción á que se chegou neste punto motivou que, con ocasión da elaboración e aprobación da norma reguladora dos comedores escolares dos centros públicos da nosa comunidade autónoma, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, se incluíran aos coidadores de NEEs como usuarios do servizo durante o tempo efectivo do seu traballo no comedor escolar, tal e como sinala o artigo 4 do texto legal e ademais como usuarios gratuítos do servizo por dito tempo de desempeño efectivo do seu traballo, tanto durante o xantar do mediodía como nos períodos de tempo anteriores e posteriores á comida propiamente dita, tal e como prescribe o artigo 11 do decreto citado. En efecto, o feito de compartir entre ambos os dous todas as actividades relacionadas co xantar é altamente beneficioso para a integración do alumno con NEEs no comedor escolar, ao permitirlle contar cun traballador especializado, coñecedor das súas características particulares, co que ademais síntese



identificado pola súa relación previa de confianza e que, a maiores, sírvelle de modelo ao que imitar na adquisición de habilidades na mesa e e boas practicas nutricionais.

Ante isto e vista, por un lado a importancia humana e educativa da presenza dos coidadores durante o tempo do comedor escolar e, por outro, a obriga laboral de facelo durante a súa xornada de traballo e o agravio comparativo cos seus compañeiros destinados en centros con comedores xestionados pola Consellería, considérase xusto e conveniente que os coidadores con destino en comedores xestionados polas ANPAS e polos concellos cos que se asinan convenios de cofinanciamento do servizo xanten no comedor escolar de xeito gratuito, mentres asisten aos escolares con discapacidades. Así mesmo, nin é xusto nin posible xuridicamente que as empresas adxudicatarias do servizo en ditos comedores sufraguen, agás que así se contrate expresamente, conceptos non contratados inicialmente e que non lle son aboados.


Por todo o exposto, dispónse o seguinte:

1º.-Os coidadores de NEEs, durante o tempo de duración da súa xornada laboral, asistirán e axudarán no comedor escolar e nos períodos anterior e posterior a dito servizo aos nenos que teñen asignados ao seu coidado.

2º.-Os coidadores de NEEs comerán, xunto cos alumnos aos que coidan, no comedor escolar, como comensais gratuítos.

3º.-Os menús que consuman os coidadores de NEEs mentres asisten aos escolares que teñen asignados será sufragado, nos comedores escolares xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e nos xestionados polas ANPAS, por dita consellería e nos comedores xestionados polos concellos asinantes de convenios de colaboración coa consellería por eles mesmos, de acordo cos termos sinalados en ditos convenios.

4º.-Nos comedores escolares xestionados pola consellería, os menús dos coidadores de NEEs intégranse no global de menús consumidos en cada centro, sendo satisfeitos





mediante as bolsas nos comedores de xestión directa e mediante os pagamentos ás empresas de catering nos comedores de xestión indirecta.

5º.-Nos comedores xestionados polas ANPAS e as súas asociacións e federacións, os menús dos cuidadores de NEEs pagaranse ás empresas adxudicatarias dos contratos de catering con cargo aos gastos de funcionamento dos centros. Para isto, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, cada curso escolar, incrementara as achegas económicas correspondentes a ditos gastos de funcionamento, unha vez calculado o importe ao que poden ascender os menús dos cuidadores de NEEs destinados nos distintos centros educativos.

6º.- Nos comedores escolares xestionados polas ANPAS, a empresa adxudicataria do servizo entregará no centro educativo unha factura, na que se recollerá o importe total dos menús que no mes de referencia de que se trate haxa consumido cada cuidador, sempre que o faga no desempeño do seu traballo efectivo de asistencia ao menor discapacitado que ten asignado.

Así pois, cada mes, a suma total facturada por cada cuidador de NEEs virá determinada pola suma de días do mes nos que xantou, como consecuencia do exercicio da súa labor de cuidador, multiplicado polo prezo do menú/día de que se trate.

O sistema mediante o que se fará efectivo o pagamento acordarase entre o colexio e a empresa de catering, deixando constancia gráfica do pagamento efectuado para o oportuno control das contas do colexio .

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2017

O Secretario Xeral Técnico-----O Director Xeral de Centros e RRHH

Jesus Oifayen Barcala

José Manuel Pinal Rodríguez

